



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

**BASES DO IX CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO.**

**PRIMEIRA.** -O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical polifónica coral, organiza o IX Certame de corais "Vila de Arbo" que terá lugar o día 11 de Maio do 2024 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

**SEGUNDA.**-Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén as corais que estean inscritas na Federación Coral Galega FECOGA que non sexan profesionais nin pertenzan a ningunha escola profesional ou semiprofesional de musica, sen ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). Si se incumprise esta base o grupo quedaría fóra do concurso.

**TERCEIRA.**- O prazo de inscrición rematará o 8 de Marzo de 2024 ás 15.00 h. Para inscribirse as agrupacións interesadas enviarán a instancia e modelo que figura en Anexo a estas bases solicitando a súa inclusión no Certame e a documentación sinalada na Cláusula Terceira.

Durante o período de inscrición estará no concello de Arbo a dispo das agrupacións a obra obriqada para as corais que a soliciten poder enviarlla o seu enderezo.

**CUARTA.-** Participarán un máximo de 5 agrupacións corais. As corais participantes serán seleccionadas polo Comité de Organización do IX Certame Galego de Corais Vila de Arbo. Os criterios de selección serán o historial da Coral e a calidade musical das súas interpretacións. Para realizar a selección as Corais deberán entregar no prazo previsto un Curriculum Vitae que inclúa a súa actividade de a lo menos os últimos 2 anos, unha declaración xurada en conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de musica, e unha gravación propia realizada nos últimos 2 anos que inclúa a lo menos 3 pezas do seu repertorio.

**QUINTA.-** O comité organizador estará composto por; Concelleiro/a de Cultura do Concello. de Arbo ou persoa en quen delegue; Presidente/a da Coral Polifónica de Arbo; Director/a da Coral Polifónica de Arbo e Director/a da Banda de Música de Arbo. O comité organizador gardase o dereito a sancionar as agrupacións se mostran algúns tipo de mal comportamento que prexudique o desenrollo do certame , poñéndoo en coñecemento do xurado a hora da deliberación.

**SEXTA.-** As corais seleccionadas actuarán segundo a orde fixada por rexistro de entrada da inscrición.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concelloearbo@concelloearbo.es

**SÉTIMA.**- Cada coral interpretará en primeiro lugar unha obra de presentación fora de concurso, en segundo lugar a obra de Concurso obligada proposta polo comité organizador, en terceiro lugar unha obra de libre elección. O tempo total non excederá de 25 minutos de actuación total inclusive obra de presentación.  
A obra obligada nesta edición do Certame é a seguinte: **NOUTURNIO. Musica Olds. Versión Coral de F.A. Rey Rivero.**

**OITAVA.**- Escollidas polo comité organizador ,en acta levantada ao efecto que se fará pública, as corais que participarán no IX Certame Galego de Corais Vila de Arbo, as agrupacións terán 15 días naturais dende que se faga pública a acta do comité organizador , para remitir: foto actualizada e un (1) exemplar da partitura da obra de presentación e de libre elección. Todo isto, dirixido ao rexistro xeral do concello de Arbo en soporte informático, sendo a dirección de correo electrónico: [rexistro@concelloearbo.gal](mailto:rexistro@concelloearbo.gal)

**NOVENA.**-O xurado estará composto por personalidades do mundo da música que avaliarán os seguintes puntos: Afinación, técnica, interpretación e sonoridade. O xurado será designado por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arbo O xurado, tras a avaliación, levantará acta onde figurarán as corais premiadas e o premio asignado a cada unha.

A estos efectos, concederase un primeiro, un segundo e un terceiro premio as corais que acaden maior puntuación. Tamén se adxudicará un premio especial á mellor interpretación da obra obligatoria.

**DÉCIMA.**- O fallo do xurado emitirase ao final da actuación das corais participantes, deixando constancia en acta levantada ao efecto, sendo os premios a conceder os seguintes:

1º PREMIO SEGUNDO GIL DAVILA.....900 euros más diploma acreditativo.  
2º PREMIO .....400 euros más diploma acreditativo.  
3º PREMIO.....200 euros más diploma acreditativo.  
PREMIO FECOGA A MELLOR INTERPRETACION DA OBRA DE CONCURSO: 500 euros más diploma acreditativo.

Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio.

O importe do 1, 2º e 3º premio será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria 330.48 dos orzamentos prorrogados cara o exercicio 2024, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamentos do exercicio 2024.

Ditos premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas.

O importe líquido dos premios farase efectivo mediante transferencia bancaria á conta facilitada polos premiados que deberán ser os titulares da mesma.





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concelloearbo@concelloearbo.es

O PREMIO FECOGA A MELLORA INTERPRESTACIÓN DA OBRA DE CONCURSO por importe de 500,00 euros será entregado por un representante de FECOGA á agrupación que resulte mellor valorada polo xurado do Certame, en virtude de comunicado do Presidente de FECOGA de data 22/01/2024.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-** Tanto o Comité organizador, como o xurado, están habilitados para a interpretación destas normas e resolver calquera dúbida que se presente.

**DECIMO SEGUNDA.-** A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, e na paxina web do Concello.

**DÉCIMO TERCEIRA.- Normas en materia de Protección de datos**

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamiento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (certame) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo

[https://www.concelloearbo.es/eportal/portal/?id\\_seccion=572](https://www.concelloearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572).

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

**DÉCIMO CUARTO.- NORMAS FINAIS:**

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

**O Alcalde. Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente á marxe.**





Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concelloearbo@concelloearbo.es

**ANEXO:**

**SOLICITUDE DE INSCRIPCION IX CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO:**

**NOME DO GRUPO CORAL:** \_\_\_\_\_.

**NUMERO COMPOÑENTES:** \_\_\_\_\_.

**OBRAS DE PRESENTACION:**

\_\_\_\_\_ AUTOR \_\_\_\_\_ DURACION: \_\_\_\_\_.  
**OBRA DE LIBRE ELECCION:**

\_\_\_\_\_ AUTOR: \_\_\_\_\_ DURACION: \_\_\_\_\_.

**ENDEREZO:** \_\_\_\_\_.

**PERSOA DE CONTACTO:** \_\_\_\_\_.

**TELEFONO:** \_\_\_\_\_.

**CORREO ELECTRONICO:** \_\_\_\_\_.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

**Selo e firma**





Olds

# Nouturnio

*Versión coral:*  
F.A. Rey Rivero

1      *mp Larghetto*

Sop       $\frac{3}{4}$       Noi - te de ple - ni - lu - nio má - xi - ca es -  
*mp*

Alt       $\frac{3}{4}$       Noi - te de ple - ni - lu - nio má - xi - ca es -  
*mp*

Ten       $\frac{3}{4}$       Noi - te de ple - ni - lu - nio má - xi - ca es -  
<sup>8</sup> *mp*

Bas       $\frac{3}{4}$       Noi - te de ple - ni - lu - nio má - xi - ca es -  
*mp*

4

S       $\frac{3}{4}$       -tre - las en man - to-a zul > go - zo de ar - mo-ní - as ín - ti -  
*cresc poco*      *mp*

A       $\frac{3}{4}$       -tre - las de ma - to-a zul > go - zo de ar - mo-ní - as ín - ti -  
*cresc poco*      *mp*

T       $\frac{3}{4}$       -tre - las de ma - to-a zul > go - zo de ar - mo-ní - as ín - ti -  
*cresc poco*      *mp*

B       $\frac{3}{4}$       -tre - las de man - to-a zul > go - zo de ar - mo-ní - as ín - ti -  
*cresc poco*      *mp*



26

**Fine** **Andante**

Soprano (S): *ti - - -* ***PP***

Alto (A): *ti - - -* ***PP***

Tenor (T): *ti - - -* ***PP*** ***f*** *Bro - tan no ce - o le - das can - ti - gas,*

Bass (B): *ti - - -* ***PP*** *Bro - tan no ce - o le - das can - ti - gas,*

34

Soprano (S): *- - - - -*

Alto (A): *- - - - -*

Tenor (T): *- - - - -* ***S - I ver*** *na noite cra - ra de lu - ar Xur - den a - re - las na mi - ña*

Bass (B): *- - - - -* *na noite cra - ra de - lu - ar Xur - den a - re - las na mi - ña*

**S = 1 ver**  
**M/S = 2 ver**

41

**1.** **2. DC Al Fine**

Soprano (S): *- - - - -*

Alto (A): *- - - - -*

Tenor (T): *- - - - -* ***i-al - ma por - que na noi - te de tem - po de-a mar.*** ***P*** *mar.*

Bass (B): *- - - - -* *i-al - ma por - que na noi - te de tem - po de-a mar.* ***P*** *mar.*



8

Soprano (S) vocal line:

- mas ca-a a-ire - xa no - tur - nal tra - e-has - ta min. Can - do teus

Mezzo-Soprano (A) vocal line:

- mas ca-a a-ire - xa no - tur - nal tra - e-has - ta min. Can - do teus

Tenor (T) vocal line:

- mas ca-a a-ire - xa no - tur - nal tra - e-has - ta min. Can - do teus

Bass (B) vocal line:

- mas ca-a a-ire - xa no - tur - nal tra - e-has - ta min. Can - do teus

Performance markings: Crescendo (cres), Poco (poco), and a dynamic instruction 'ms' (mezzo-forte).

19 *p* *Poco Rubato* *8tempo*

S | *pa de cen e - no - xos e que ren fu - xir pa - ra que bri - les so - io ti.*

A | *pa de cen e - no - xos e que ren fu - xir pa - ra que bri - les so - io ti.*

T | *pa de cen e - no - xos e que ren fu - xir pa - ra que bri - les so - io ti*

B | *pa de cen e - no - xos en que ren fu - xir pa - ra que bri - les so - io ti*

*Poco Rubato* *8tempo*